

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2020**

Ás 10.00 horas do día 17 de novembro de 2020, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifefizecloud.com/6093887>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérz Pérez

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

**Deputado de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputado non adscrito:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

### **Ausentes na sesión:**

**Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa (que escusa a súa ausencia e emitiu o seu voto por correo).

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez  
D. Diego Fernández Nogueira  
D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández  
D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández  
D. Álvaro Vila Araújo  
D. Aurentino Alonso Araújo  
D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez  
D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

Previamente ao tratamento dos puntos integrantes da orde do día, o secretario xeral intervéñ para acreditar a existencia de quórum para a realización da sesión, e con respecto ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 46.3 da LRBRL, dá por acreditada a identidade dos presentes coa súa imaxe no sistema, e manifesta que, salvo que ningún deputado ou deputada indique neste intre o contrario, entende que todos se atopan en territorio español.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

## **1º.- DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA DE OURENSE, CORRESPONDENTE AO ANO 2020**

- 1ª intervención José Manuel Baltar Blanco (Presidencia): Comeza a súa intervención lembrando que o pleno sobre o estado da provincia é unha iniciativa pioneira deste goberno provincial, prevista no código ético e de conducta desta institución, á que logo se sumaron outras deputacións provinciais como Castellón, Málaga ou Jaén, e de todas as cores políticas. Sinala que hai que falar en clave de provincia e mirando cara ao futuro, nun ano tan difícil como este, marcado pola evolución da pandemia da COVID-19, e que motiva entre outras cuestións, que teña que celebrarse por medios telemáticos. A continuación diríxese a todas persoas da provincia que están atravesando por unha situación difícil, indicando que esta Deputación vai a tentar ser útil, como xa demostrou coas axudas directas aos autónomos. Engade que é tempo de falar de retos e desafíos, dos contidos no seu plan de mandato 72-73, e

de aprobar novos obxectivos e propostas, como o de innovación no rural, ou a entrada a curto prazo desta Deputación no eixo atlántico, e sempre coa defensa do interese xeral de Ourense por enriba de calquera outro. A continuación agradece o apoio maioritario outorgado polos deputados e deputadas, que pretenden desde a moderación e o centrismo do seu grupo de goberno, transformar Ourense, contraposto ao modelo da confrontación que outros practican. Sinala que máis que nunca faise necesario o consenso e atopar puntos de acordo, e a Deputación provincial ten que ser decisiva e aportar para a saída desta crise que está a mudar as prioridades da xente, e que a “confianza” é a palabra clave para atopar a saída a esta crise, lembrando o apoio desta Deputación aos sectores socioeconómicos que sufriron primeiro a crise en marzo deste ano. Así, seguindo o indicado polo Observatorio económico ourensán, esta crise puxo de manifesto que Ourense tiña un extraordinario aliado nesta crise, que é a súa estrutura económica, e da que quere destacar tres datos, o crecemento interanual do número de ocupados, o número de empresas que cotizan á seguridade social e o número de fogares nos que non hai ningún perceptor de ingresos. Sinala que o goberno provincial ten como un dos seus obxectivos chegar aos 106.000 afiliados á SS na provincia e que o número de parados se sitúe por baixo do 12 , obxectivos que deben manterse a pesar das actuais circunstancias de crise. Así pois, a realidade socio económica que se albisca será moi diferente á coñecida nos últimos anos, e o principal propósito será crear unha administración que poida atender ás novas necesidades da veciñanza e das empresas da provincia, cuestionando os axiomas que ata do agora parecían indubidables, como o da densidade da poboación, indicando que se deben tomar como referencia non aos territorios onde son máis, senón aos que son mellores. Seguidamente relata aquelas fortalezas que considera máis importantes para o desenvolvemento económico da provincia, como a estrutura empresarial da provincia en sectores clave como o agroalimentario, o da economía verde ou circular ou a innovación. Remata a súa primeira intervención indicando que se debe potenciar tamén a fortaleza de ser unha rexión transfronteiriza, no ámbito da captación de fondos comunitarios, e que as entidades e os gobernos locais deben xogar un importante papel no reparto dos fondos europeos.

- 1ª intervención José Miguel Caride Domínguez (non adscrito): Comeza a súa intervención para indicar o xerme da súa intervención, como non pode ser doutro xeito, vai ser o da pandemia do COVID-19, que fixo que todo mudara neste ano 2020, e que provocou unha

crise non só sanitaria, senón tamén política, económica e social. Tanto é así que o informe correspondente ano 2019 do Banco de España céntrase nas consecuencias desta crise de xeito monográfico, amosando os principais retos que debemos afrontar. Así, o *desplome* histórico do PIB nos dous primeiros trimestres do ano, nos amosa o impacto desta crise, sendo a súa incidencia moi heteroxénea por sectores. No ámbito da CA de Galicia cita o informe do BBVA que indica que pecharemos o ano cunha caída no PIB superior ao 10 por cento, caída que non se recuperará co crecemento previsto en 2021. Con estas premisas son coas que temos traballar de aquí en adiante, nun novo ciclo económico, e traballando con prudencia e con solidariedade. Remata indicando que na súa segunda intervención explicará algunha das súas propostas.

- 1ª intervención Bernardo Varela (BNG): Comeza dirixíndose ao Presidente e indicando que non agardaba un discurso tan triunfalista, senón de esperanza, tan necesaria nestes tempos. Engade que deste pleno non agarda grandes resultados, xa que ten a experiencia do ano pasado, e sinceramente os resultados defraudan. Como exemplo indica que, sen desbotar a mención da Presidencia á tecnoloxía do 5G, el conformaríase con que toda a provincia estivese dotada de fibra óptica que permitise traballar en condicións axeitadas en todos os lugares. Rebátelle ao presidente o seu esquecemento dos datos dos cotizantes á Seguridade Social e dos datos do desemprego. Seguidamente pon como exemplo o uso dos fondos europeos, que no seu uso en Finlandia están por enriba do 70 % e aquí pouco máis do 30 %, o que da idea da pouca capacidade de xestión dos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado. A continuación sinala que si pode compartir a idea de promover a economía ligada á terra e a economía verde, seguramente desde ópticas distintas, pero tentando chegar a acordos. Como voceiro do BNG sinala que a súa labor como oposición será vixiante e propositiva. Respecto aos datos da poboación pon o seu acento no proceso de declive que vive esta provincia, cunha redución dun 30 % en 30 anos, e sempre con goberno do partido popular nesta provincia, na idade media da súa poboación, a máis avellentada do Estado español e cun saldo vexetativo moi negativo. Engade que unha das teimas do BNG é a demanda dun reparto máis obxectivo entre os concellos dos fondos desta Deputación, e por iso a súa primeira proposta é da posta en marcha dun plan único de cooperación cos concellos, o cal xa existe e funciona nas outras deputacións galegas, así como un plan único COVID-19 dotado con fondos do remanente de tesourería provincial. Outra demanda do seu grupo é instar da Xunta e do Estado que tomen medidas para a extensión da fibra no rural desta provincia. A seguinte das súas propostas é

remudar o papel do INORDE ou incluso que este organismo desapareza dada a súa inoperatividade. Outra das súas propostas é de establecer unha liña de axudas á que poidan acudir os concellos, con criterios de reparto obxectivos e que permitan avanzar nos servizos de saneamento e depuración. A seguinte proposta sería que a Deputación se comprometa co establecemento dun servizo ferroviario digno na provincia, instando ao Estado a recuperar liñas ferroviarias eliminadas e a instar á Xunta a crear un servizo ferroviario galego de proximidade. As seguintes propostas consistirían en promover os sectores primarios e artesanal e artellar medidas para que os emprendedores poidan dispor de instalacións ou parcelas provincias sen uso, demandar á Xunta de Galicia á corrección da falta de transparencia nos proxectos a defender ante o Estado e a UE, e nos que a Ourense debe ter un papel esencial, reclamar ante a Xunta o mantemento e mellora duns servizos sanitarios públicos e de calidade, establecemento de liñas áxiles e de colaboración cos concellos da provincia para o seu acceso aos fondos da UE, e que o 50 % do remanente de Tesourería da Deputación se destine a liñas de axudas por concorrència competitiva a autónomos e empresas nos sectores máis afectados.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (PP): Comeza sinalando que a responsabilidade de cada un dos deputados e deputadas nesta sesión e presentar aquelas propostas que se consideren polos diferentes grupos e que axuden a saír a esta provincia da crise económica e social derivada da pandemia, xa que a pandemia non nos pode paralizar. Por elo felicita publicamente á voceira de CS, ao voceiro do BNG e ao deputado non adscrito polas iniciativas presentadas e o traballo realizado. Lamenta que por segundo ano consecutivo o grupo socialista non asista e este pleno, pese a que o seu voceiro e secretario provincial ten dedicación exclusiva nesta institución, e sobre todo por respecto aos seus votantes e á veciñanza de Ourense. Engade que o seu voceiro miente cando indica que nunca se aprobou neste pleno proposta ningunha do grupo socialista, cando das 22 propostas aprobadas en novembro de 2018, 9 foran do grupo socialista, e á acta do pleno se remite. Continúa dicindo que planificación e anticipación son claves para loitar contra as consecuencias da pandemia, e que sempre están presentes neste grupo de goberno, lembrando que ao inicio desta pandemia se mobilizaron desde esta Deputación 1,7 millóns de euros, para adquisición de material sanitario, o programa comerciOU, reforzo do SAF e da teleasistencia, ou o programa Ourense veciños, entre outros. Para finalizar o seu repaso ás medidas remata lembrando a partida de 4,2 millóns de euros destinada a axudas directas a autónomos e pequenas e medianas empresas da provincia.

Seguidamente pasa a tratar as e expor as propostas do seu grupo provincial: Xestionar diante da Xunta de Galicia a localización na provincia de Ourense de proxectos autonómicos que opten aos fondos europeos “Next Generation”, fornecer a posición de liderado da provincia en deportes náuticos, posta en marcha o centro de interpretación do río Miño no Concello de Toén, establecendo conversas coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para sumala a este proxecto, abrir unha nova etapa de xestión en Meisa, coa desestacionalización como obxectivo, crear o programa “Ourense provincia biosostible”, que axudará aos concellos a captar fondos do programa “Green Deal”, poñer en marcha a aplicación “Voucontigo”, para axudar á veciñanza en situación de risco por maltrato, asalto ou agresión sexual, posta en marcha a plataforma informática provincial, en colaboración cos concellos, como escaparate de vivendas en disposición de ter vida no rural (para alugar ou vender), establecer obxectivos de funcionamento dos GES: aplicar en 2021 a porcentaxe de financiamento (Xunta de Galicia, 52,5%; Deputación 40%; e concellos 7,5%) aos custos reais anuais, converter a rede viaria provincial nunha vía escolar segura e impulsar a metodoloxía “Lean” aplicada á simplificación administrativa.

Suspendida a sesión por un espazo de trinta minutos, retómase de novo ás 11.35 horas.

- 2ª intervención José Manuel Baltar (Presidente): Comeza esta segunda intervención agradecendo a presenza e participación dos grupos e deputados e deputadas asistentes e lamentando a ausencia do grupo socialista, único caso en España no que se comete este erro lamentable. Insiste en que esta actitude é un erro considerable facendo responsable del ao voceiro do grupo socialista e que en todo caso a sesión continúa cos deputados e deputadas asistentes. Seguidamente agradece a intervención do deputado non adscrito Miguel Caride, co que concorda na referencia a que estamos diante dun novo ciclo económica e no xeito en que hai que afrontalo, para continuar agradecendo as propostas presentadas e o seu traballo e dedicación. A continuación agradece ao voceiro e a todos os deputados e deputadas integrantes do grupo popular o seu traballo, especialmente o amosado para afrontar a pandemia durante este ano. Agradécelle tamén ao voceiro de Democracia Ourensana a lealdade e traballo no tempo que formou parte deste goberno provincial. Respecto ao voceiro do BNG quere significar unha vez máis o agradecemento polo seu traballo, ton e educación no debate, matizando que se ben poden estar nas antípodas en moitas cuestións políticas, as

formas nunca deben perderse, defendendo a súa postura e criticando, pero sempre con respecto. Sobre a súa intervención, a cualifica de fatalista, engadindo que non agardaba outra cousa. Sobre a súa pregunta sobre o papel da Presidencia nos organismo europeos e a súa utilidade indica que esa é unha pregunta que se contesta por ela mesma, pondo como exemplo os proxectos con financiamento europeo que se desenvolven na provincia como o Raia termal, o EmpredOu ou o de turismo intelixente, defendendo por último firmemente o proxecto europeo no que o seu grupo e o seu partido creen firmemente. Seguidamente pasa a anunciar propostas de goberno que se engadirán ás propostas que se aproben neste pleno. Así, anuncia que delegará nun dos membros do grupo de goberno as competencias en materia de cumprimento e seguimento da Axenda 2030 de cumprimento dos ODS, anuncia un proxecto de xestión ambiental integral, no que a Deputación liderará un proxecto de economía circular que ofrecerá unha solución para a xestión dos residuos en liña, cunha planta de biometanización, unha planta solar fotovoltaica e unha planta de hidróxeno verde, un proxecto financiado desde o sector privado que xerará vinte empregos directos e 100 indirectos, posta en marcha unha web da cultura de Ourense, a exposición de Nos a Nos en colaboración coa Xunta de Galicia e a exposición de Alfonso X El Sabio co Consello da Cultura Galega, a implantación en 2021 do proxecto de turismo intelixente *Hai un Ourense para ti*, posta en marcha dun Centro de Interpretación do Camiño de Santiago, e posta en marcha en Ourense dun centro de tecnificación de hockey, a renovación da web e do portal de transparencia da institución provincial e potenciación de sistemas de información en tempo real durante as 24 horas.

- 2ª intervención J. Miguel Caride (non adscrito): Comeza a súa intervención indicando que algunhas das súas propostas que aínda que non se puideron tramitar son coincidentes cos anuncios feitos pola Presidencia. Volve a incidir no manifestado na primeira intervención respecto da necesidade de implantar a denominada economía circular ou economía sustentable, de aí que unha das súas propostas fose a de asesorar e apoiar aos concellos da provincia no cumprimento da Axenda 2030 e dos ODS. Indica coincidir tamén na necesidade de apoiar ao sector cultural, propondo o programa “Ourense creativa”, entre outros. Igualmente volve e indicar a necesidade de promover o Camiño de Santiago, especialmente a Ruta da prata ao seu paso pola provincia. Finalmente falaba da importancia da prudencia e

doutras medidas necesarias para apoiar a toda a xente que está a sufrir as consecuencias desta crise.

- 2ª intervención Bernardo Varela (BNG): Comeza sinalando que o BNG sempre vai estar en todos os foros de debate e que discrepan do goberno provincial en moitos aspectos e así o van amosar con firmeza. Respecto á comparación feita polo presidente ao respecto da densidade de poboación da provincia e de Finlandia, matiza que o problema non é de densidade, senón da forma da pirámide de poboación, moi avenllentada na nosa provincia. Respecto da intervención do voceiro do grupo do PP quere lembrarlle que as axudas para traballadores en ERTE non se chegaron a aprobar e que a cantidade destinada de axudas para os concellos era ridícula comparadas coas implementadas noutras deputacións de Galicia. Engade que a realidade é teimuda e a continuación pasa a expor unha serie de datos do propio Observatorio económico provincial, como son o do descenso do número de afiliados á Seguridade Social. Respecto ao apoio dos grupo popular ás súas propostas, das que parece que só se van a apoiar 3 este ano, quere lembrar das 6 aprobadas o pasado ano tan só se cumpriu unha polo que de pouco serviu, engadindo que o ano pasado se rexeitou a proposta de que o Consorcio de Bombeiros se xestionase directamente e parece que agora o grupo de goberno si vai nesa liña. Respecto das propostas do grupo popular indica que lle parecen pouco ambiciosas. En resumo indica que sempre estará en disposición de chegar a puntos de encontro pedindo máis altura de miras do grupo de goberno provincial, reivindica o papel fundamental dos concellos no futuro da provincia, e indica que ten que abrirse o melón das axudas aos concellos e o reparto dos fondos da Deputación con criterios xustos e obxectivos. Remata a súa intervención indicando que o 50 % do remanente de tesourería desta institución debería dedicarse a axudar ao tecido socioeconómico provincial e a facilitar as súas condicións de traballo, lembrando a importancia de defender o noso medio ambiente, e máis nestas circunstancias de pandemia.

- 2ª intervención Armando Ojea (DO): Comeza sinalando que o seu partido é bastante crítico co formato desde debate, sobre todo polo número de propostas a tratar no pleno, o que leva consigo que se trate en todos os casos de propostas moi xenéricas e abstractas, e que ao mellor hai que mudar o formato deste pleno. Así, adianta que van votar a favor de todas as propostas de todos os grupos, xa que ao estar formuladas en termos tan xenéricos non hai motivos para estar en contra delas, e que as diferenzas comezarían ao entrar no seu detalle, e ao establecer a

orde de prelación de cada unha delas. Remata incidindo na necesidade de mudar o formato deste pleno.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (PP): Sobre as propostas que se van apoiar polo grupo de goberno sinala que van ser 3 do grupo provincial de CS, relativas ao proxecto de cultura na rúa, a número 7, relativa a aprobar un proxecto de vivendas colaborativas, así como a relativa ao futuro da estación de Manzaneda. Respecto das propostas do BNG, indica que o grupo popular apoiará as relativas a requiririlles á Xunta de Galiza e ao Estado para tomar as medidas cara á extensión da fibra e/ou redes de internet con suficiente capacidade para traballar e estudar dignamente no rural da provincia de Ourense, a relativa a reclamar con maior forza e urxencia, e cabe, ante a Xunta de Galiza o mantemento e mellora duns servizos sanitarios públicos de calidade, e a relativa ao establecemento de liñas áxiles e abertas de colaboración cos concellos da provincia, que co liderado da Deputación Provincial poidan acceder a fondos e proxectos europeos. Por último agradece o traballo do deputado non adscrito Miguel Caride e igualmente o traballo do deputado de Armando Ojea e a súa lealdade cando estivo no grupo de goberno.

- quenda de peche José Manuel Baltar (Presidente): Agradece o ton e as intervencións de todos os deputados e deputadas asistentes. Respecto ao deputado Miguel Caride indica que as coincidencias nas propostas seguramente non son casuais e responden a un ideario común, e fai súas as propostas relativas á Film Comisión e ao potenciamento da vía da prata, que xa figuran no plan de mandato deste goberno. Respecto do voceiro do BNG, a quen cualifica como o xefe da oposición, agradece a súa vontade para chegar a puntos de encontro e o seu traballo na oposición, agradecendo todas e cada unha das súas propostas. Respecto do deputado de DO, agradece novamente o seu talante e actitude proactiva ao manifestar o seu voto favorable a tódalas propostas. Para rematar agradece o traballo, a lealdade e as intervencións de todos os deputados e deputadas integrantes do grupo popular.

O contido íntegro do debate deste asunto recóllese integramente no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 1º](#)

## **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN FORMULADAS POLOS GRUPOS.-**

O resultado da votación das propostas presentadas polos diferentes grupos é a seguinte:

### **PROPOSTAS DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA:**

#### **Proposta n.º 1**

Solicitar do Pleno da Deputación de Ourense a creación dunha plataforma de emprego da provincia de Ourense.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable de Ciudadanos (1) e de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito e do BNG (1).

#### **Proposta n.º 2**

Solicitar do Pleno da Deputación Provincial de Ourense a posta en marcha do proxecto Cultiva-Ou.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable de Ciudadanos (1), do BNG (1) e de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito.

#### **Proposta n.º 3**

1º.- Solicitar do Pleno da Deputación Provincial de Ourense que habilite algún espazo para crear un albergue provincial #NiguénSinTeitoNinComida.

2º.- Solicitar do Pleno da Deputación Provincial de Ourense que faga as achegas oportunas a todas as asociacións e institucións que a día de hoxe fan un labor importantísimo de reparto de comida.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable de Ciudadanos (1) e de DO (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito e a abstención do BNG (1).

#### **Proposta n.º 4**

Solicitar do Pleno da Deputación Provincial iniciar un proxecto global da nosa provincia termal.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable de Ciudadanos (1) e de DO (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito e a abstención do BNG (1).

#### **Proposta n.º 5**

Solicitar do Pleno da Deputación Provincial a posta en marcha de mesas sectoriais de hostalaría e comercio local.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable de Ciudadanos (1) e de DO (1), o voto en contra do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito e do BNG (1).

#### **Proposta n.º 6**

Solicitar do Pleno da Deputación Provincial un apoio continuo á cultura e a todos os sectores que fan posible calquera evento a través do proxecto “Cultura na rúa”. Programa de organización de distintos eventos repartidos por todas as comarcas da nosa provincia durante os próximos meses.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

#### **Proposta n.º 7**

Solicitarlle de novo ao Pleno da Deputación Provincial que acorte a posta en marcha dunha iniciativa piloto dun proxecto cohousing-vivenda colaborativa, nunha das nosas aldeas, implicando a todas as administracións.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

#### **Proposta n.º 8**

Solicitarlle de novo ao Pleno da Deputación Provincial que leve a cabo un proxecto definitivo para a estación de montaña de Manzaneda. Reestruturación e posta en valor.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

### **PROPOSTAS DO BNG**

#### **Proposta n.º 1**

Creación dun plan único de colaboración cos concellos.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1) e de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Ciudadanos (1) e do deputado non adscrito.

#### **Proposta n.º 2**

Requirirlles á Xunta de Galiza e ao Estado para tomar as medidas cara á extensión da fibra e/ou redes de internet con suficiente capacidade para traballar e estudar dignamente no rural da provincia de Ourense, máis aínda na situación que estamos a padecer.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

#### **Proposta n.º 3**

Remudar totalmente o papel do Inorde ou simplemente que desapareza como tal, vista a súa inoperatividade como factor de desenvolvemento da provincia de Ourense, dado que se o seu orzamento se consume en gastos de persoal e funcionamento. Dado que as escasas accións que desenvolve poden ser perfectamente executadas desde a propia Deputación, mentres esta non desapareza.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1) e de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Ciudadanos (1) e do deputado non adscrito.

#### **Proposta n.º 4**

Dispoñer unha partida orzamentaria á que poidan acudir os concellos mediante un sistema de reparto con criterios obxectivos, que lles permita a estes avanzar na instalación de saneamento e depuración, nos núcleos que a día de hoxe aínda carecen deles ou os teñan sen as mínimas garantías de funcionamento.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1), de DO (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito.

#### **Proposta n.º 5**

A Deputación comprométese co establecemento duns servizos ferroviarios dignos para esta provincia e insta ao Estado a que repoña os servizos ferroviarios de media e longa distancia, suprimidos con motivo do estado de alarma. Así como un plan extraordinario de investimentos para a modernización e mellora da rede ferroviaria galega, que inclúa con carácter prioritario, no que a Ourense respecta, as seguintes liñas: Ourense-Lugo; Vigo-Ourense. Así como reabrir as estacións de trens pechadas (Ribadavia, A Rúa, O Barco ...). Tamén, dentro dese compromiso, a Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza a impulsar a creación dun ente ferroviario galego e do servizo ferroviario de proximidade, con comunicación provincial e interprovincial.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1), de DO (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito.

#### **Proposta n.º 6**

A Deputación Provincial, máis se cabe coa situación provocada polo Covid-19, recoñece o papel dos sectores primario e artesanal ligados ao territorio, tanto pola súa posta en valor do territorio como por supor un factor de prevención contra os lumes que afectan ciclicamente á nosa provincia. Para apoialos compromete un 1% do seu orzamento con este fin e artellará as medidas precisas para poñer a dispor dos emprendedores e/ou concellos aquelas instalacións ou parcelas pertencentes á Deputación Provincial de Ourense que actualmente se atopan ermas.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1), de DO (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito.

#### **Proposta n.º 7**

Demandar da Xunta de Galiza a corrección de falta de transparencia e diálogo respecto dos proxectos que Galiza debe defender diante do Estado e da Unión Europea e nos que Ourense

ten que ter un peso específico pola súa grave situación social, económica e demográfica. Para iso a Deputación demandará as seguintes cuestións:

1º. Defender diante do goberno central e das institucións europeas correspondentes que Galiza debe recibir unha contía respecto dos fondos europeos da Covid-19 non inferior a 12.600 M€.

2º. Defender diante do goberno central que na distribución dos fondos do MRR se teñan en conta os seguintes criterios, así como a súa xestión directa e territorializada:

2º.1) A inversa do PIB percápita. O peso deste indicador debe ser superior ao da poboación co obxectivo de evitar a concentración dos fondos nos territorios con máis habitantes.

2º.2) A situación demográfica. Como indicadores dos desequilibrios territoriais tamén deben terse en conta: a) A evolución da poboación primando aqueles territorios con peor comportamento e b) O peso da poboación moza primando aqueles territorios nos que este é menor.

2º.3) O criterio da taxa de desemprego debe ser complementado coa utilización da taxa de actividade.

2º.4) A inversa da produtividade do traballo como un indicador do grado de fortaleza e resiliencia do tecido produtivo de forma que a distribución dos fondos contribúan á cohesión económica de Galiza.

2º.5) O peso do territorio rural.

2º.6) A dispersión poboacional, para ter en conta o maior custo da prestación de servizos públicos que supón a dispersión.

2º.7) O avellentamento da poboación.

2º.8) A perda de emprego polo peche de centrais térmicas como consecuencia da necesaria transición enerxética.

2º.9) A baixa taxa de reposición no persoal sanitario.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1), de DO (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito.

### **Proposta n.º 8**

Reclamar con maior forza e urxencia, e cabe, ante a Xunta de Galiza o mantemento e mellora duns servizos sanitarios públicos de calidade. Tanto na atención primaria (que debe volver ser presencial en todo aquilo que non sexan simples procesos administrativos) como na hospitalaria.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

### **Proposta n.º 9**

Establecemento de liñas áxiles e abertas de colaboración cos concellos da provincia, que co liderado da Deputación Provincial poidan acceder a fondos e proxectos europeos. O que permitiría a posta en marcha de medidas de recuperación e colaboración co tecido socioeconómico de Ourense, de tal xeito que se active e refórce a capacidade produtiva do territorio nos sectores primarios, industriais e terciarios, con especial fincapé nos ligados ao comercio e hostalería que tanto están a padecer a situación xerada polo Covid-19. E ao tempo, grazas aos factores diferenciais que atesouramos en elementos patrimoniais, culturais e medioambientais, poidan ser un sector clave na ansiada recuperación. Sempre que se establezan proxectos estratéxicos de desenvolvemento sustentables, acompañados cos fondos europeos que deben achegarse prioritariamente a pequenas empresas e autónomos.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

### **Proposta n.º 10**

Que o 50% do remanente de tesourería da Deputación Provincial, cando estea dispoñible, se destine a liñas de axuda habilitadas por concorrencia competitiva a favor das pequenas empresas e autónomos daqueles sectores que teñan sufrido a crise con maior intensidade (hostalería, turismo, ximnasia, cultura ...) asemade dentro destas liñas habilitaranse subvencións aos clubs e asociacións culturais e deportivas.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1), de DO (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito.

## **PROPOSTAS DO GRUPO POPULAR**

### **Proposta n.º 1**

Xestionar diante da Xunta de Galicia a localización na provincia de Ourense de proxectos autonómicos que opten aos fondos europeos “Next Generation”.

Resulta **aprobada** por unanimidade

### **Proposta n.º 2**

Fornecer a posición de liderado da provincia en deportes náuticos con infraestruturas deportivas en Lajas, Arnoia e Castrelo de Miño coa “Coupe de la Jeunesse” de 2022 como evento catalizador.

Resulta **aprobada** co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), de Ciudadanos (1) e do deputado non adscrito, e a abstención do BNG (1).

### **Proposta n.º 3**

Poñer en marcha o centro de interpretación do río Miño no Concello de Toén, establecendo conversas coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para sumala a este proxecto.

Resulta **aprobada** co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), de Ciudadanos (1) e do deputado non adscrito, e o voto en contra do BNG (1).

#### **Proposta n.º 4**

Abrir unha nova etapa de xestión en Meisa, coa desestacionalización como obxectivo de mellora permanente e a identificación coa comarca.

Resulta **aprobada** por unanimidade

#### **Proposta n.º 5**

Crear o programa “Ourense provincia biosostible”, que axudará aos concellos a captar fondos do programa “Green Deal”, dotado con 1.000 millóns de euros.

Resulta **aprobada** por unanimidade

#### **Proposta n.º 6**

Poñer en marcha a plicación “Voucontigo”, para axudar á veciñanza en situación de risco por maltrato, asalto ou agresión sexual. Ante unha potencial situación de emerxencia ou risco para a vítima, un grupo de contactos predefinidos da persoa agredida terá coñecemento inmediato do problema.

Resulta **aprobada** co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), de Ciudadanos (1) e do deputado non adscrito, e a abstención do BNG (1).

#### **Proposta n.º 7**

Poñer en marcha a plataforma informática provincial, en colaboración cos concellos, como escaparate de vivendas en disposición de ter vida no rural (para alugar ou vender).

Resulta **aprobada** co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), de Ciudadanos (1) e do deputado non adscrito, e a abstención do BNG (1).

#### **Proposta n.º 8**

Establecer obxectivos de funcionamento dos GES: aplicar en 2021 a porcentaxe de financiamento (Xunta de Galicia, 52,5%; Deputación 40%; e concellos 7,5%) aos custos reais anuais.

Resulta **aprobada** co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), de Ciudadanos (1) e do deputado non adscrito, e o voto en contra do BNG (1).

#### **Proposta n.º 9**

Converter a rede viaria provincial nunha vía escolar segura (preto de 30 CEIP teñen acceso directo a vías provinciais).

Resulta **aprobada** por unanimidade.

**Proposta n.º 10**

Impulsar a metodoloxía “Lean” aplicada á simplificación administrativa e reenxeñería de servizos da Deputación, en consonancia cos traballos da carta de servizos e co liderado nacional en transparencia dos gobernos provinciais.

Resulta **aprobada** co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), de Ciudadanos (1) e do deputado non adscrito, e o voto en contra do BNG (1).

O contido íntegro deste asunto recóllese integramente no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

**ANEXO: PEGADA DIXITAL DO VÍDEO**

Url - <http://depourense.seneca.tv/s/2GF7N5x2AXWSg6HGdQJm9aC25sAgKiWu.wmv>  
SHA512 - 4db3b429f4cfe7e7c489cd90df44b8afd13cf74c2f574921408878c3713fe77067af3aab6f8c6c605d9422f8a0b6dc4d9b25a85ea6220a45adf202b1a4f174ab

E, ás 12.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.